



ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MUROS
 Rúa San Xosé s/n | O Areal s/n
 15250 Muros (San Pedro) | 15240 Esteiro
 A Coruña | A Coruña
 e:mail: esmu.municipal.muros@edu.xunta.es

www.facebook.com/Escola-de-Música-Municipal-de-Muros-1037702056270594

PREINSCRIPCIÓN XERAL
(A PARTIR DE 8 ANOS E ADULTOS)
CURSO: 2020/2021

DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A:

Nome:	1er. Apelido:	2º Apelido:	D.N.I.:
Enderezo:		Localidade:	
Municipio:	Provincia:	C.P.:	
Teléfono fixo:	Teléfono móbil:	Teléfono outro:	Data de Nacemento: <input type="text"/> <input type="text"/> / <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
Lugar no que asistirá a clase: <input type="checkbox"/> MUROS <input type="checkbox"/> ESTEIRO			

DATOS DO/A PAI/NAI OU TITOR (en caso de ser o alumno menor de idade)

Nome:	1er. Apelido:	2º Apelido:
-------	---------------	-------------

INSTRUMENTOS A ESCOLLER

Area Xeral	Area Música Tradicional	Area Música Moderna
<input type="checkbox"/> CANTO <input type="checkbox"/> FRAUTA TRAVESEIRA <input type="checkbox"/> GUITARRA CLÁSICA <input type="checkbox"/> PIANO <input type="checkbox"/> VIOLA <input type="checkbox"/> VIOLÍN <input type="checkbox"/> VIOLONCHELO <input type="checkbox"/> CLARINETE <input type="checkbox"/> SAXOFÓN	<input type="checkbox"/> ACORDEÓN <input type="checkbox"/> GAITA GALEGA <input type="checkbox"/> PERCUSIÓN (Bombo, Tamboril, Pandereita, etc)	<input type="checkbox"/> BAIXO ELÉCTRICO <input type="checkbox"/> BATERÍA <input type="checkbox"/> GUITARRA ELÉCTRICA

Muros, a _____ de _____ de 2020

Asd.

COLABORAN



Escrita e autorizada por-la consellería de educación
 e ordenación universitaria.
 (Orde do 9 de abril do 2007)



Quen somos

AS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA.- As EMM son centros de ensinanzas musicais non regradas, o cal significa que dispón de autonomía para deseñar a súa organización educativa e administrativa, tendo sempre presentes as condicións socioeconómicas e culturais do seu entorno. Ofertando unha formación musical dirixida a afeccionados de calquera idade.

Estes centros poden orientar cara o ensino de carácter profesional (conservatorios) cando a vocación e aptitudes do alumnado así o aconsellen.

Os estudos de Música cursados nestas escolas específicas e segundo a orde do 11 de marzo de 1993 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música da Comunidade autónoma de Galicia, non conducirán á expedición de títulos con validez académica ou profesional, pero si que ó remate do Grao Elemental, os alumnos que acaden os obxectivos establecidos recibirán o correspondente certificado acreditativo.

Entendendo a música como unha Linguaxe Universal, como un medio de expresión artística e de comunicación, a **Escola Municipal de Música de Muros** declara:

- Que pretendemos a máxima participación cidadán na vivencia da música, conservando e potenciando as tradicións autóctonas e dando a coñecer o maior número posible de tendencias musicais, de tódolos tempos.
- Que queremos formar parte de tódolos sectores sociais, acercando a música a vida cotián.
- Que asumimos o lema da Unión Europea das escolas de música “Música para todos”.

MATERIAS QUE SE IMPARTEN:

+ **ÁREA XERAL:**

(Dirixida a nenos/as a partir de 8 anos e adultos).

Especialidades Instrumentais: Piano, Frauta traveseira, Clarinete, Saxofón, Violín, Viola, Violonchelo, Contrabaixo, Guitarra española, Canto e tódalas que posteriormente se instauren.

+ **ÁREA DE MÚSICA TRADICIONAL:**

Adicada a difusión, mantemento e recuperación da cultura musical galega, coidando en todo momento a utilización de fontes fidedignas de repertorio tradicional que avalen ese fin.

Especialidades Instrumentais: Gaita Galega, Percusión (Bombo, Tamboril, etc.), Acordeón.

+ **ÁREA DE MÚSICA MODERNA E JAZZ:**

Baseada na interpretación grupal por diversos instrumentos aplicada os estilos específicos da Área.

Especialidades Instrumentais: Guitarra eléctrica, Baixo eléctrico, Batería.

+ **MÚSICA EDUCACIÓN ESPECIAL:**

Dirixida a alumnos con necesidades educativas especiais.

HORARIO DE CLASES:

Será fora do horario escolar de luns a sábado.

CRITERIOS DE ADMISIÓN:

Por orden de preinscricións, tendo prioridade os alumnos actuais da escola.

+ Non existe un número máximo de alumnos en cada grupo ou Área, exceptuando na clase de instrumento.

+ Os criterios para agrupar os alumnos na clase de instrumento será fixados polo centro, manexando entre outros a similitude de idades e coñecementos.

Unha vez cuberto o boletín farase entrega do mesmo na Escola.

No marco das normas de funcionamento da Escola Municipal de Música de Muros, o Concello préstalle o instrumento a aqueles alumnos que non dispoñan del, de forma totalmente gratuíta. O alumno é responsable do uso e conservación do instrumento.